

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

**EEI AS DUNAS
CURSO 2022-2023**

EEI AS DUNAS

CÓDIGO DE CENTRO:36015160

R/ Gondomar, n.º 9

36340 Panxón, Nigrán (Pontevedra)

Tlf: 986 380 120 / 665 832 640

eei.dunas.panxon@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eeidunspanxon/>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS PARA O CURSO ACADÉMICO
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN
4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
5. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO
6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO QUE SE INCORPORA POR PRIMEIRA VEZ Á ESCOLA
7. PLAN DE TRANSICIÓN A PRIMARIA
8. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
9. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
10. PROXECTO LECTOR E DE USO DA BIBLIOTECA
11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC
12. PLURILINGÜISMO
13. AVALIACIÓN
14. CONCLUSIONES

ANEXO

PLAN DE IGUALDADE

1. INTRODUCCIÓN

Este documento recolle a Programación Xeral Anual para a EEI As Dunas durante o curso 2022-2023. Recordamos que o centro adscrito é o CPI Arquitecto Palacios, co que compartimos o transporte escolar e maila ANPA. Ademais desprazámonos a diario en autobús ao comedor, sito no CEE de Panxón.

O ESPAZO

A EEI As Dunas, é un único edificio composto por 3 aulas, cun baño cada unha, una zona de almacén, unha zona común-distribuídor que forma a biblioteca e o despacho de dirección.

Hai unha zona exterior dianteira e outra traseira na que se sitúa a horta ecolóxica escolar.

OFERTA EDUCATIVA

A matrícula para este curso queda distribuída do seguinte xeito:

- 4º EI: 13 alumnos e alumnas
- 5º EI: 13 alumnos e alumnas
- 6º EI: 16 alumnas e alumnos

PROGRAMAS EDUCATIVOS NOS QUE ESTÁ INMERSA A ESCOLA

- Plan de mellora de bibliotecas escolares
- Plurinfantil
- Fomento do uso do Galego

- PFPP
- Webs dinámicas

2. OBXECTIVOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Unha vez feita a valoración e a análise do curso pasado, e que quedou reflectida na Memoria do curso 2022-23 os obxectivos fixados para este curso que comeza son os seguintes:

EN CANTO Á IDEOLOXÍA E Á METODOLOXÍA DO CENTRO:

- Continuar respectando e valorando a infancia, as súas etapas evolutivas e as súas necesidades e emocións.
- Continuar sendo unha escola inclusiva, valorando e aceptando a diversidade e funcionando como compensadora de desigualdades sociais.
- Coidar de xeito especial do alumnado que se atope en situación de risco social.
- Implicar a toda a comunidade educativa, en especial á familia, nos procesos educativos e na vida diaria da escola.
- Explotar os recursos da contorna e potenciar os valores culturais da vila.
- Desenvolver hábitos que respecten a contorna, estimulando a coeducación, os hábitos saudables, fomentando unha convivencia respectuosa e pacífica.
- escoitar as propostas da Comunidade Educativa para mellorar como docentes e como centro educativo.

- Estreitar vínculos cos centros próximos, especialmente co noso centro adscrito, CPI Antonio Palacios, o CEE de Panxón e a escola infantil pública de Nigrán (Galiña Azul).
- Potenciar o contacto coa natureza, o respecto ao mundo natural e desfrutar de actividades no exterior.
- Aplicar a disciplina positiva.
- Potenciar as tres linguas: galego, castelán e inglés.
- Desenvolver o Plurilingüismo en lingua inglesa.

EN CANTO AO CENTRO:

- Velar pola mellora do estado do edificio da escola.
- Coidar das avarías e pequenas melloras da escola comunicando ao concello as mesmas o antes posible.
- Velar pola imaxe das aulas e repoñer os mobles ou xoguetes que presenten mal estado.
- Actualizar o mobiliario da escola e mellorar as súas dotacións de material.
- Coidar a artística, a estética e a beleza dos espazos.
- Continuar coa adecuación do espazo adicado á biblioteca, para acadar un mellor aproveitamento da mesma, e mellorar a súa dinamización.
- Seguir optimizando a páxina web como medio de difusión das actividades realizadas na escola.
- Publicar na web os documentos oficiais da escola.

EN CANTO ÁS FAMILIAS:

- Dar a coñecer ás familias as liñas xerais de funcionamento do centro e os obxectivos do curso.
- Facer partícipe ás familias da vida xeral da escola.
- Xerar un clima agradable de colaboración entre a escola e as familias.
- escoitar as súas propostas.
- Establecer dun xeito claro as vías de comunicación entre a escola e as familias.

EN CANTO AO PROFESORADO:

- Seguir formándonos todo o claustro, continuar co traballo en equipo e valorar a posibilidade de continuar co PFPP.
- Continuar utilizando a aula virtual como un recurso máis.
- Establecer un plan de comunicación coas familias que recolla diferentes aspectos tales como: a comunicación por abalar, por correo electrónico, a difusión de actividades na páxina web, a aula virtual; así como tamén establecer o plan de comunicación co profesorado que recolla o seu compromiso de comprobar e empregar o correo corporativo da Xunta de Galicia, a posibilidade de recibir notificacións do centro por medio do abalar, e de facer videoconferencias por medio de webex ou da plataforma que se nos indique dende a consellería.
- Buscar o apoio do equipo de orientación e se fose necesario, do equipo de orientación específico para a detección e axuda do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Aplicar a adaptación do protocolo de actuación coas medidas previstas para facer fronte á situación derivada da COVID-19.

EN CANTO AO ALUMNADO:

- Sementar na infancia o amor pola lectura.
- Ofrecer ao alumnado un espazo seguro e coidado onde vivir experiencias sensoriais e experimentais e desenvolver así as aprendizaxes de xeito lúdico e motivador.
- Traballar as competencias básicas incluídas na lexislación co fin de acadar unha educación de calidade para todos e todas.

O obxectivo para a nosa escola será convertela nun lugar seguro, onde as familias deixen aos seus fillos e fillas con total confianza e que a actividade de ensino e aprendizaxe se leve a cabo nun clima de afectividade e felicidade.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Para acadar con éxito estes obxectivos teremos en conta certas medidas organizativas e de funcionamento do centro que a continuación explicamos. Nos seguintes apartados desenvolvemos os recursos previstos para isto, así como as diferentes pautas e criterios xerais a ter en conta no desenvolvemento das diferentes actuacións en relación cos plans e proxectos que nos permitirán acadar os obxectivos propostos.

ORGANIZACIÓN DA XORNADA ESCOLAR

O horario de dedicación do profesorado a actividades no centro será de 30 horas semanais que se reparten así:

- 25 horas lectivas en horario 8:45 a 13:45 hs.
- 5 horas de permanencia no centro.

As horas de permanencia no centro son distribuídas do seguinte xeito:

- De 08:30 a 08:45 tódolos días para facer a garda de transporte.
- De 13:45 a 14:00 tódolos días.

- De 16:00 a 18:30 os martes pola tarde .

O resto da xornada semanal (7 horas e media), de non obrigada permanencia no centro destinarase ao perfeccionamento e formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

O horario da escola, de xornada continua, é de 08:45 a 13:45 h.

Este curso continuamos co aumento de sesións semanais de lingua estranxeira, xa que continuamos sendo centro Plurilingüe. Cada grupo clase contará con 4 sesións semanais en lingua estranxeira. Destas sesións, 2 corresponden ao Plurilingüismo, e 2 sesións serán de Psicomotricidade en inglés. Tamén contaremos cunha auxiliar de conversa, compartida co CPI Arquitecto Palacios.

Continuamos con obradoiros de estimulación da linguaxe oral, de especial importancia na educación infantil.

Organización de entradas e saídas:

O centro abre as portas ás 8:30hs para ao alumnado transportado (contamos con dúas liñas de bus).

Ás 8:45 abrimos ao resto do alumnado ata as 13:45 h.

A entrada é flexible, de 08:45 a 09:00, favorecendo así que non se aglomere xente neste intre.

Se alguén precisa recoller ao seu fillo ou filla antes da hora da saída, deberá asinar no libro correspondente.

O alumando usuario do comedor escolar, sito no CEE de Panxón, subirá ao autobús na nosa escola ás 13:30 h.

Este curso, o persoal colaborador do comedor está sendo 1 mestra da escola e dous pais/nais colaboradores.

Unha vez rematado este servizo, as familias poden optar por:

- Recoller aos seus fillos e fillas ao rematar o xantar, entre as 14:20 e as 14:30hs.
- Ou ben que os seus fillos e fillas volten á casa en autobús. Estes serán atendidos polo persoal colaborador do comedor ata as 15:30, hora de saída do bus.
- Ser recollidos pola cuidadora de Plan mediodía, que posteriormente os levará as correspondentes actividades extraescolares. Todos aqueles que escollan esta opción deberán asinar a corresponde autorización de recollida para poder ir coa cuidadora.

O horario de saída da escola é ás 13:45. En canto ás entradas e saídas do centro, este curso académico volvemos a entrar todos pola porta dianteira.

DÍAS NON LECTIVOS

A nosa proposta é o 5 de decembro e o 2 de maio. Non obstante, estamos pendentes da autorización de Xefatura Territorial.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

PERSOAL DOCENTE:

Yolanda Colmenero Feijoo: titora de 5º E.I e coordinadora de biblioteca.

Vanesa Salgado Ladrero: titora de 6º E.I e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, pertencente ao equipo de biblioteca

Noelia Vilas Fernández: titora de 4º EI, coordinadora do equipo covid, substituída por Natividad Pérez Pérez

Sonia Célix Fernández: Mestra de apoio á educación infantil, mestra de alternativa á relixión e directora da escola, coordinadora do equipo de convivencia e coordinadora de ciclo.

Raquel Arca García : mestra especialista en Audición e Linguaxe e responsable de TICS e pertencente ao equipo de biblioteca.

Laura Cobas González: mestra especialista en Lingua Estranxeira Inglés, coordinadora de Plurilingüismo, de actividades complementarias e extraescolares e de horta.

Carmen Lema Varela: Orientadora. Pertence ao claustro do CPI Arquitecto Palacios.

Mª Consuelo Segade Carreira: mestra de Relixión Católica. Pertence ao claustro do CPI Arquitecto Palacios.

Mónica Castro Roa, substituíndo a Sonia Rivera Vega: mestre especialista en Pedagogía Terapéutica. Pertence ao claustro do CEIP Humberto Juanes.

O horario das mestras, é o recollido no DOC.

PERSOAL NON DOCENTE:

Mª Isabel Pérez Blanco: Persoal auxiliar coidador.

PROXECTO ANUAL DE CENTRO:

Este curso a temática sobre a que van xirar todos os contidos do curso será a educación para a saúde en todos os seus ámbitos (alimentación, educación emocional, exercicio,...). O seu título será SaudableMente.

A maiores, seguiremos traballando na Horta de Lola, e seguiremos contando co servizo dunha persoa para que se encargue do mantemento e a maiores fai proposta de actividades para levar a cabo co alumnado. Dende xaneiro do curso anterior, a empresa Somos Terra, subvencionada polo concello de Nigrán, foi a encargada deste proxecto. Durante o presente curso estamos pendentes de confirmar a continuidade de dito programa do concello.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

É propio da escola organizar diversas saídas ao Teatro, ao Correlingua, a museos e demais espazos de interese.

Tamén hai por costume organizar unha visita ao CPI Arquitecto Palacios co alumnado de 6º para facilitar a súa adaptación para o vindeiro curso. Terá lugar no mes de xuño sempre e cando as condicións sexan favorables.

Para a realización das sesións de psicomotricidade facemos uso do pavillón de deportes do Concello de Nigrán, próximo á escola.

O alumnado de 6º adoita participar na Carreira Solidaria que adoita organizar o CPI Arquitecto Palacios polo día da Paz.

As actividades que adoitamos realizar cos centros da contorna (CPI Arquitecto Palacios, CEE de Panxón, Centro Juan María, Galiña Azul, ...), tales como o apadriñamento lector, a visita do alumnado da Galiña Azul, sesións de contacontos, de teatro, etc.

Levaranse a cabo saídas pola contorna máis próxima á escola: praia, a biblioteca de Nigrán e outras actividades de interese tanto dentro da localidade como fóra da mesma.

Destas e outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso e se poidan levar a cabo, será informado o Consello Escolar.

Valoramos a importancia das festas populares e festexámolas na escola, coa colaboración e invitación das familias. Festexamos:

- Festa de Samaín ou Halloween.

- Festa do Magosto.
- Festa do Nadal.
- Festa do Entroido.
- Festa de fin de curso
- Conmemoracións que poidan xurdir e que motiven o interese da cativada.
- Outros Obradoiros e actividades de interese que poidan xurdir ao longo do curso

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA é a encargada da organización das actividades extraescolares para o noso alumnado, xunto co do CPI Arquitecto Palacios. Tamén organiza o Plan Madruga e o Plan Mediodía.

5. AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

LOCALIZACIÓN E EQUIPAMENTO DAS CAIXAS DE URXENCIAS

A escola dispón dunha caixa de primeiros auxilios para a atención de pequenas urxencias, situada no baño da aula de 4ºEI (entrando na escola á dereita), e outra na zona de acceso ao almacén.

Estas caixas están equipadas con material básico para a atención de primeiros auxilios e foron revisadas a principios deste curso.

Na nosa escola temos un DEA, instalado polo concello, e unha das mestras recibiu a formación pertinente.

5.2. CONTROL DE ACCESO AO CENTRO

Dentro do horario escolar non se permite o acceso de persoas non autorizadas á escola. As dúas portas polas que se poden entrar no centro permanecen pechadas. No caso de ter que recoller algún neno/a, deixar algún material nas aulas ou incidencias similares, a persoa que o requira deberá timbrar e será atendido pola persoa que esté de garda nese momento.

5.3. PROTECCIÓN DO ALUMADO

Os alumnos só poderán abandonar o Centro Escolar en horario lectivo con coñecemento do seu/súa titor/titora ou directora, previa comunicación dos titores legais, e sairán sempre acompañados dun familiar ou persoa debidamente identificada que deberá cubrir un impreso que lle facilitará a titora ou en dirección.

No caso de accidente dun alumno, avisarase a familia, quen se fará cargo do mesmo. En caso de urxencia ou cando a familia non puidese ser localizada será avisado o servizo de urxencias.

5.4. SISTEMAS DE SEGURIDADE

O Colexio conta cos seguintes recursos en materia de seguridade:

- Peche do recinto.
- Enreixado do patio.
- Extintores situados en:
 - 1 na aula 6º E.I (entrando na escola á dereita) extintor especial cadros eléctricos
 - 1 na aula 5º.I (entrando na escola á esquerda)
 - 1 na aula 4º E.I (que está ao fondo ao lado da titoría)
 - 1 na biblioteca.

En total contamos con 4 extintores na escola.

No caso de urxencia grave procederase ao desaloxo do Centro, observando as seguintes instrucións:

Para o profesorado:

- A persoa que se decate da causa da urxencia abrirá ou mandará abrir as portas de acceso á escola.
- Esta persoa dará o sinal de alarma, tocando o timbre (que está situado na aula 4º EI

entrando na escola á dereita)

- Se o motivo de alarma non supón risco inmediato, evitárase o uso do timbre, avisando aula por aula ao resto de mestras procurando manter a calma farase a evacuación da escola ordenadamente do seguinte xeito:
 - Os nenos da aula de 4º EI que está ao lado da titoría, sairán pola parte traseira da biblioteca.
 - Os nenos da aula de 5º EI sairán pola porta principal da escola e os nenos de 6º EI tamén, dando paso primeiro aos máis pequenos.
 - Empregaranse os sinais de dirección situados no chan.

Para o alumnado:

Ao escoitar o sinal de alarma deixarán as súas tarefas e colocaranse en filas para saír. Cando o/a mestre o indique, sairán da aula de forma ordenada, sen correr e sen deterse. Unha vez fóra do edificio escolar, dirixiranse ao parque que hai ao lado da escola, quedando terminantemente prohibido permanecer nas proximidades do edificio.

6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO QUE SE INCORPORA POR PRIMEIRA VEZ Á ESCOLA

Segundo a Orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o período de adaptación abrangue dende o xoves 8 de Setembro ata o venres 16 de setembro, ambos inclusive, e organízase do seguinte xeito:

Alumnos grupo A	Alumnos grupo B
7 alumnos/as	6 alumnos/as

Xoves 8 de setembro:

- grupo A: horario de 10:00 a 11:00 (1 hora)
- grupo B: horario de 12:30 a 13:30 (1 hora)

Venres 9 de setembro:

- grupo A: horario de 10:00 a 11:00 (1 hora)

- grupo B: horario de 12:30 a 13:30 (1 hora)

Luns 12 de Setembro:

- grupo A: horario de 10:00 a 11:00 (1 hora)
- grupo B: horario de 12:30 a 13:30 (1 hora)

Martes 13 de setembro:

- grupo A: horario de 9:30 a 11:00 (1 hora e media)
- grupo B: horario de 12:00 a 13:30 (1 hora e media)

Mércores 14 de setembro:

- A partir deste día virán grupo A e grupo B todos xuntos no mesmo horario.
- Horario de 11:00 a 13:00 (2 horas)

Xoves 15 de setembro:

- Horario de 11:00 a 13:00 (2 horas)

Venres 16 de setembro:

- Horario de 10:00 a 13:00 (3 horas)

A partir do luns 19 de setembro a totalidade do alumnado virá en xornada completa de 8:45 a 13:45. Sendo flexibles na súa entrada, podendo entrar ata as 9:00.

7. PLAN DE TRANSICIÓN A PRIMARIA.

Pretendemos co programa de transición infantil - primaria concretar dunha forma sinxela unha serie de actividades que permitan unha efectiva continuidade do alumnado da E.E.I As Dunas á Educación Primaria no C.P.I Arquitecto Palacios.

O paso ao nivel da Educación Primara supón un cambio importante para o alumnado: cambian os mestres/as, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas de clase, os materiais e os recursos.

Na nosa escola, como compartimos a Orientadora, así como outros docentes, faise máis doada esta transición. Ademais o alumnado coñece a localización do centro, ao iren a diario ao comedor. A maiores adóitase compartir actividades, como por exemplo, a carreira

solidaria que organiza o CPI á que se nos convida cada ano e o Apadriñamento lector, no que convidamos na nosa escola ao alumnado do CPI para vir a contar contos ao noso alumnado. Estas relacións que establecemos durante o curso facilitan a transición do alumnado.

A maiores, en xuño, o alumnado de 6º de E.I adoita realizar unha visita ao C.P.I Arquitecto Palacios para coñecer as súas instalacións, ao profesorado que lle impartirá docencia o vindeiro curso e se é posible ao seu titor/a.

8. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

O Estatuto de autonomía no artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Segundo o Decreto 79/ 2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria, dispón no seu artigo referido a educación infantil que o profesorado utilizará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Asemade, atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

En base ao exposto, os obxectivos a acadar na nosa escola, serán fundamentalmente, os que seguen:

- Respectar e estimular o uso das dúas linguas, potenciando o desenvolvemento da menos favorecida.
- Crear o ambiente propicio para que a comunicación entre a escola e a comunidade educativa sexa sensible ao uso do galego.

Traballarase a lingua galega en:

- Conversas na asemblea ou faladoiro.
- Lectura de contos.
- Anuncios.

- Memorización de poesías, adiviñas, cancións, trabalinguas,...
- Actividades complementarias relacionadas coa cultura e a etnografía galega: teatro, concertos, festas populares, saídas polo contorno para descubrir as nosas raíces,...

Ensino en galego:

- Bibliodunas, a nosa biblioteca, conta con fondos en galego: libros, revistas e outros materiais.
- Material audiovisual (CD's, DVD's, diapositivas,..) en galego.
- Na páxina web da escola faranse as publicacións en galego.
- As mestras fomentarán o uso da lingua na súa actividade docente.
- O material elaborado co alumnado farase en galego: murais, montaxes vídeos...
- As reunións da Comunidade Educativa serán tamén en galego.

Proxecto de fomento do uso do galego:

Levarase a cabo un Proxecto de fomento de uso do galego, relacionado co proxecto de centro, no que participará todo o alumnado e o profesorado, implicando tamén ás familias. valoraremos volver a participar no Correlingua.

9. PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Baseándonos no Plan de Atención á Diversidade que temos elaborado centrarémonos sobre todo en reforzar a relación entre o centro e as familias, fomentar a coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa e cooperar na construción da convivencia.

OBXECTIVOS

- Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta axeitada e de

calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.

- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumnado.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Establecer canles de coordinación entre os diversos profesores que interveñen co alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (ACNEAE).

ALUMNADO SUSCEPTIBLE DE MEDIDAS EDUCATIVAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A atención de forma máis específica realizarase co seguinte alumnado:

- Alumnado con praza de reserva para NEAE e escolarización combinada.
- Alumnado de integración tardía ao sistema educativo español con descoñecemento das linguas vehiculares.
- Alumnado con dificultades e ritmo lento de aprendizaxe.
- Alumnado con problemas emotivo - relacionais e/ ou de conduta.
- Alumnos con altas capacidades.

PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA O SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL.

Para facilitar a adaptación do alumnado que se escolarice ao longo do curso, procedente doutros países, elaboráronse os seguintes criterios e procedementos de actuación:

- Escolarización: Recepción da familia e formalización de matrícula: O Equipo Directivo realizará estas accións.

- Acollida inicial do alumno ou alumna, realizada polo profesor-titor.
- Resposta educativa, realizando unha adscrición definitiva do alumno ou alumna a un nivel educativo, avaliando o seu nivel inicial de competencia curricular e organizando, se fose necesario, o reforzo educativo e os materiais didácticos adaptados ás súas necesidades educativas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (D.229/2011, 7 DE DECEMBRO)

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas:

O criterio xeral que se vai adoptar é lograr proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe a través de medidas organizativas centradas en facilitar á titora unha intervención máis individualizada. O apoio realizarase dentro da aula. Ao principio do curso as titoras concretarán os obxectivos que se van traballar con este alumnado.

Curriculares:

- Priorización de contidos mínimos propios do ciclo.
- Adaptación de materiais didácticos.

Metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos (avaliación inicial).
- Formular actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptadas aos

diferentes niveis e intereses.

Aprendizaxes funcionais, potenciando a xeneralización das aprendizaxes que realizan na aula.

Titorías:

No Plan de Acción Titorial aprobado no centro contémlanse as medidas de seguimento individualizado do alumnado, procedementos de detección das necesidades, coordinación entre o profesorado que intervén co alumnado e sistemas de avaliación.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Adaptacións curriculares significativas. Implica toda modificación que se realice nos diferentes elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e organización.
- Permanencia dun ano máis no ciclo. (Flexibilización).
- Apoio especializado da mestra de Audición e Linguaxe e/ou a especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Grupo de adquisición de linguas. (Sexto de educación infantil).

RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

RECURSOS PERSOAIS

O conxunto do profesorado da escola, entre o que está a mestra especialista en AL, así como tamén a mestra especialista en PT, compartido co CEIP Humberto Juanes, así como tamén unha persoa auxiliar coidadora.

RECURSOS MATERIAIS

Poder levar a cabo actuacións de atención a diversidade, así como agrupacións de alumnos diferentes á organización de alumnos por nivel, implica dispoñer de espazos adaptados a estas actuacións e organización dos materiais didácticos que sexan accesibles a todo o profesorado e alumnado.

INTERVENCIÓN DO PROFESORADO ESPECIALISTA. ORIENTADORA, MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE E MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Realizarán intervencións directas de apoio, nos casos que sexa necesario.

Elaborarán coa titora as adaptacións curriculares e participarán na avaliación do alumnado nas áreas que presente dificultade.

Valorarán as necesidades educativas especiais do alumnado.

Asesorarán ao profesorado de Educación Infantil sobre a resposta educativa ao alumnado con necesidades.

A elaboración e a adaptación de material didáctico para a atención educativa especializada do alumnado con necesidades educativas especiais, así como a orientación ao resto do profesorado para adaptación dos materiais curriculares e de apoio.

A mestra especialista de Audición e Linguaxe impartirá un taller de estimulación da linguaxe oral nos diferentes grupos, para previr e detectar problemas relacionados coa fala, así como reforzos educativos de xeito individual se fose necesario.

Pedir asesoramento ao equipo de Orientación Específico nos casos que fose preciso.

10.- PROXECTO LECTOR E DE USO DA BIBLIOTECA

INTRODUCCIÓN

A nosa escola, E.E.I As Dunas, é un centro pequeno, que tan só conta con tres unidades do segundo ciclo de educación infantil. Está localizada nunha zona costeira e o nivel socio económico das familias é medio - baixo. Consideramos que o proxecto lector de centro servirá para favorecer a adquisición e fomento da lectura e escritura e das competencias básicas. Tamén servirá como guía para a elaboración do plan anual de lectura e as liñas de actuación da biblioteca nos sucesivos cursos. Este documento pretende ser unha reflexión como punto de partida e recoller as necesidades a levar a cabo coa nosa comunidade educativa referidas á mellora en lectura, escritura e competencias básicas e fomentar o uso crítico da información.

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

- Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.

Ao tratarse dun centro de educación infantil o alumnado chega á escola sen saber ler nin escribir.

Respecto a escritura. Só nalgúns casos recoñecen algunha letra do abecedario en maiúscula e/ ou o seu nome. Polo que nesta etapa comeza a andaina de adquisición de destrezas e habilidades para iniciarse na escritura.

Respecto da lectura. Debido á idade do noso ciclo, chegan ao centro sen saber ler, pero si moi acostumados a escoitar contos, polo que é un excelente recurso para desenvolver futuras prácticas lectoras, mediante a escoita e observación dos contos que a diario contamos no centro.

- Identificación de logros e dificultades.

Na escola contamos cunha acolledora, dinámica e luminosa biblioteca, con variedade de fondos adaptados principalmente ao alumnado de educación infantil. Por medio da mascota, a ratiña Lola, incentivamos o gusto polos contos e a lectura. Consideramos que o pilar forte do centro e a motivación do claustro da man dos contos, polo que é un logro identificado dende fai xa varios cursos.

Respecto as dificultades observadas, as principais consideramos que son a curta idade do alumnado, que non pode ler de xeito autónomo (ata case rematado o ciclo, ou nalgúns casos, non o conseguen ata que a súa madurez llo permita na etapa de educación primaria), a falta de atención de xeito continuado, xa que a estas idades hai que variar con frecuencia a actividade, a comprensión verbal e falta de vocabulario (xa que nalgúns casos non se entende o que din, preguntan...)

- Análise das metodoloxías empregadas

O profesorado considera imprescindible partir dos intereses do alumnado e ter en conta a súa idade madurativa. Unha vez que o alumando se sinta adaptado e seguro na escola, e adquira habilidades e destrezas básicas (respectar as quendas, coñecer as rutinas, adecuar o ton de voz...) comezase o proceso de ensinanza de lectura e escritura. Partimos do seu nome e comezando sempre coas maiúsculas. O mestre ofertará propostas motivadoras e significativas, sendo flexibes e respectando os ritmos de aprendizaxe.

- Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

Respecto aos recursos materiais dende que estamos no PLAMBE, no ano 2012, a biblioteca recibiu dotación para fondos, mobiliario, tics, material funxible.. e notouse o crecemento da

mesma a todos os niveis: mobiliario (mesas, cadeiras, sofás, lámparas, percheiros, baldas, caixas, andeis...), fondos (libros, revistas, xornais, libros -cds, dvds, dictionarios...), tics (ordenadores, tablets, robots, impresoras, libro dixital, cámara fotográfica, caixón de luz, cañon, pizarra táctil...), material funxible (etiquetas, folios, permanentes, forro adhesivo, tarxetas recomendacións...) neste senso seguimos ampliando sempre que podemos, e consideramos que para seren un centro pequeno os recursos cos que contamos son axeitados.

Respecto aos recursos humanos: no claustro contamos con 6 mestres e mestras, e nos últimos anos, 3 membros do claustro forman parte do equipo de biblioteca. O resto do profesorado, tamén se amosa partícipe das inciativas propostas. Consideramos que a biblioteca precisa de adicación e a hora de facer os horarios procuramos telo en conta.

- Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.

Varios membros do claustro teñen formación en bibliotecas escolares e tics, pero somos conscientes da necesidade de formación constante para estaren actualizados. Tamén considermos necesaria a formación en cursos de adquisición da lectura e da escritura, por ser a etapa infantil o pilar onde se forxa o proceso de adquisición. Levamos varios cursos formándonos pola modalidade PFPP, todo o claustro.

2.- OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

- Formación de lectores competentes

Para conseguir lectores competentes diseñamos os seguinte obxectivos:

- Organizar a biblioteca de xeito acolledor, atractivo e motivador
- Crear curiosidade e interese por medio dun proxecto de centro anual
- Fomentar interese e gusto polos contos, adiviñas, fábulas...
- Ofrecer variedade, novidade e riqueza de fondos en diferentes formatos

- Implicar as familias na animación lectora
 - Organizar actividades para todo o claustro do centro
 - Conseguir que Bibliodunas sexa compensadora de desigualdades sociais.
 - Partir da maiúscula e ir progresando na adquisición das minúsculas.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura
 - Rotar as mochilas e cadernos viaxeiros polas casas do alumnado
 - Empréstitos semanais de fondos durante todo o curso.
 - Hora de ler: na 4º sesión, despois do recreo cada día
 - Organizar contacontos e obradoiros
 - Traballar todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos..
 - Utilizar soporte impreso e dixital
 - Convidar ás familias a participar en actividades
 - Proporcionar ao claustro propostas dende a biblioteca
 - Gozar coa música e a expresión corporal
 - Diseñar actividades que fomenten a imaxinación, creatividade...
 - O proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.

Como o noso centro é só de educación infantil, chegan á escola sen saber ler nin escribir. O profesorado traballa para a adquisición da lectura e a escritura. Se ben non é un obxectivo a acadar en infantil, depende da madurez do alumnado, moitos rematan o ciclo co obxectivo acadado. O claustro é consciente da necesidade de crear lectores e lectoras competentes e

o manexo das diferentes fontes para conseguir unha lectura crítica cando sexan adultos, que adquiran unha competencia literaria.

- Lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

Promoveremos a lectura en todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos tanto en soporte impreso como electrónico. Organizaremos actividades sinxelas para conseguilo.

- Metodoloxías máis axeitadas

Na escola consideramos imprescindible que o alumnado aprenda observando, imaxinando, creando, investigando, manipulando, experimentando.... Sendo o profesorado o guía que axude neste proceso de aprendizaxe, que facilite estratexias. Creemos nunha aprendizaxe activa e significativa, que parta dos intereses do alumnado, para que se sinta motivado ante novas propostas. Cuidaremos o ambiente para que a cativada esté a gusto, relaxada e segura, xa que favorecerá a súa aprendizaxe. A disciplina positiva utilizarémola para reforzar e potenciar a súa implicación. Xeraremos espazos lúdicos, dinámicos para potenciar a atención e a motivación. Unha aprendizaxe cooperativa, de respecto cara os iguais e adultos terase en conta. Tamén o contacto coa natureza, aproveitando os espazos exteriores da nosa escola e se fose posible, os próximos ao entorno. Partiremos dun proxecto de centro común consensuado no claustro do centro. Velaremos por unha metodoloxía flexible, adaptada ao noso centro / grupo / alumnado.

Respecto ao proceso de adquisición da lectura e escritura utilizaremos unha metodoloxía constructivista, máis activa e participativa, un proceso aberto e de constante evolución, no que terá un peso específico o descubrimento. Partiremos de situacións concretas básicas, para que o alumnado sexa capaz de verlle o sentido práctico e relevante a todo o que aprende. Por exemplo comezar co seu nome, o dos seus compañeiros e compañeiras, da súa familia, o seu enderezo... Introduciremos primeiro o uso das maiúsculas, e cando estean afianzadas, e pouco a pouco, a minúscula. Combinaremos a aprendizaxe da lectura coa da escritura, xa que están totalmente ligadas. Ensinaremos aos alumnos a pensar por si mesmos e que tomen conciencia dos seus propios procesos e estratexias, fomentando a súa autoestima e valorando o seu esforzo e avance. Non temos como obxectivo para rematar o ciclo de educación infantil a adquisición da lectura e da escritura, pero si poremos as ferramentas necesarias para que o consiga a maior parte do alumnado.

- Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

Respecto á organización de espazos na biblioteca, cuidarase que sexan atractivos, prácticos e flexibles. Organizaremos diferentes zonas: exposición de novidades, exposición de traballos ou murais, recuncho anual do proxecto de centro, tics, creatividade e manipulación, acougo e relax, adultos, xestión de empréstitos, catalogación e outros que poidan xurdir como cando fai bo tempo e levamos parte dos fondos a zona exterior da escola. Os espazos nas aulas, contarán tamén con fondos para lectura, espazo tics e de creación.

Respecto a organización de tempos. Reservaranse 1 sesión semanal por aula como mínimo para facer o empréstito e gozar da biblioteca e os seus espazos. Farese a hora de ler a diario na 4ª sesión, despois do recreo (ben sexa na aula, na biblioteca ou no exterior) O ambiente pretendemos que sexa acolledor e dinámico, que convide a quedarse e estar a gusto nel.

- A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.

Recursos culturais do entorno (bibliotecas e outros)

Bibliodunas, é a seña de identidade da nosa escola, o gusto pola lectura e polos contos é imprescindible para o equipo. Consideramos que axuda a compensación social, xa que emprestamos semanalmente fondos a todo o alumnado, preparamos mochilas viaxeiras, catalogamos variedade de fondos, temos un espazo especial para familias lectoras e ordenador con conexión á rede, asesoramos ás familias no que precisen.

Respecto dos recursos do entorno. Organizamos actividades de animación cos centros máis próximos: Galiña Azul de Nigrán, CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios, CEE de Panxón e CEE Juan María. Tamén organizamos saídas á biblioteca pública de Nigrán, que está en Ceán (Está en proceso de traslado ao centro de Nigrán, mais próximo a nosa escola), para que o alumnado saiban onde se ubica e teñan a posibilidade de facerse socios.

- Coordinación do proxecto. Participación de todo o profesorado. Modo de organización.

A elaboración de proxecto lector parte do equipo de biblioteca e da dirección e revísase e modifícase coas aportacións do claustro da escola. O equipo de biblioteca velará porque se leve a cabo e organizará as xestións necesarias para conseguilo: seleccionar e catalogar

fondos, manter a sala ordenada e crear recunchos que motiven, organizar horarios, preparar actividades de animación lectora, convidar persoeiros, planificar propostas de participación de todo o claustro, escoitar suxestións...

- Modo de difusión e apoios necesarios.

O proxecto lector estará a disposición de toda a Comunidade Educativa para a súa lectura. O equipo de biblioteca, coa axuda da dirección e do resto do profesorado, serán as ferramentas necesarias para levar a cabo o mesmo. É necesaria unha boa coordinación entre todo o claustro, e dispor de horas de asignación no horario para poder organizar e planificar as actividades para poder levalo a cabo.

3.- INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR

- Ensinanzas de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas

A ensinanza no noso ciclo é globalizada, traballaremos as seguintes estratexias para aumentar a comprensión lectora no noso alumnado:

- . Extraer a idea principal dunha historia
- . Traballar o vocabulario novo
- . Nomear os personaxes principais e características
- . Aumentar progresivamente a dificultade a extensión e contido dos textos / imaxes
- . Lectura de pictogramas e iconas
- . escoitar e respectar as quendas
- . Facer preguntas sobre o texto/ historia contada
- . Utilizar a linguaxe xestual como apoio
- . Inventar historias reais / imaxinarias
- . Buscar sinónimos ou contrarios
- . Complementar con soportes visuais (tics, imaxes...)
- . Utilizar diferentes recursos para motivar o interese: contos, marionetas, robots, tablets...
- . Representar o conto

- Fomento de hábitos de lectura en todas as aulas

Para fomentar o hábito lector levaremos a cabo:

1. Empréstimo semanal de fondos

2. Visitas á biblioteca mínimo unha vez á semana
3. Empréstito de mochilas viaxeiras
4. Hora de ler: a diario, implicado todo o claustro. Na 4ª sesión (despois do recreo)
5. Contacontos e obradoiros especiais en conmemoracións.
6. Presentación das novidades lectoras ao alumnado (2 veces ao mes)
7. Ter en conta as recomendacións lectoras do alumnado/ familias e claustro
8. Exposicións permanentes (proxecto de centro) e temporais (datas sinaladas)
9. Convidar persoeiros cada curso: escritor, músico, ilustradora...
10. Utilizar a mascota, a ratiña Lola, como vínculo motivador : cartas da ratiña para o alumnado, pistas, retos...
11. Inventar contos
12. Actividades de educación documental (educación en información). Integración das TIC.
13. Organizar actividades de búsqueda na rede
14. Ensinarlles o manexo básico do ordenador: prender, apagar, rato, teclado
15. Utilización dos robots, manexo e facer taboleiros para o seu uso.
16. Manexo do caixón de luz. Utilización de material complementario para o mesmo.
17. Cámara fotográfica. Utilización e funcións
18. Tablets. Manexo básico. Realidade aumentada
19. Pizarras dixitais. Funcionamento básico. Actividades para fomentar o seu uso: assembleas, quebracabezas, debuxos...
20. Realizar impresións.

- Implicación das familias e do entorno.

As familias na nosa escola participan nas propostas que organizamos, ao seren unha escola pequena e familiar e alumnado de infantil amósanse partícipes. Para afianzar a implicación deseñaremos:

- . Obradoiros / concursos / receitas / experimentos para realizar na casa coa cativada.
- . Convidalas a contar contos/ facer obradoiros / falar da súa profesión ou calquera cousa de interese relacionada co proxecto ou cunha conmemoración.
- . Empréstito de mochilas viaxeiras e cadernos
- . Recanto especial para familias na biblioteca con fondos específicos para eles
- . Recanto de intercambio de libros de adultos
- . Recanto tics para familias (ordenador de mesa con conexión a rede e libro electrónico)
- . Apertura da biblioteca os 2º e 4º martes de cada mes para toda a comunidade

educativa

- Diseñaremos enquisas para ter en conta a súa opinión sobre a biblioteca
- Respecto ao entorno organizaremos tamén propostas:
 - ∅ Actividades co noso centro adscrito: apadriñamento lector, contacontos ou outros.
 - ∅ Actividades con outros centros educativos próximos: CEE de Panxón, CEEJuan María. Contacontos, obras de teatro, obradoiros ou outros.
 - ∅ Actividades coa biblioteca pública de Nigrán. Visitas a mesma. Información para facerse socio. Contacontos
 - ∅ Concello de Nigrán. Actividades e visitas que propoña o mesmo. Obras de teatro, exposicións, concursos...
 - ∅ Outros: Calquera outra proposta de interese que teñamos no entorno e reforce o proxecto de centro.

4.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Elaboración de instrumentos

Para facer unha avaliación sobre o documento reflexionaremos no seguintes aspectos, valorando se foron acadados, están en proceso ou pendentes de seren acadados.

ASPECTOS	ACADADO	EN PROCESO	PENDENTE	OBSERVACIÓN S
É un documento operativo				
Participa o profesorado no seu desenvolvemento				
Recolle obxectivos para conseguir lectores competentes				
Ten en conta a creación e consolidación de hábitos de lectura				
Fomenta o uso de todo tipo de textos e soportes				
Desenvolve as competencias básicas, especialmente lingüística, tratamento da información dixital, cultural e				

artística e aprender a aprender				
Recolle estratexias de comprensión lectora				
Lévase a cabo a hora de ler				
Empréstanse fondos semanalmente				
Empréstanse mochilas viaxeiras				
Ábrese a biblioteca á comunidade educativa				
Organízanse contacontos				
Organízanse obradoiros				
Convídase persoeiros				
Convídase a participación das familias				
Realízanse actividades con outros centros do entorno				
Propónse o uso das tics				
Sérvese da mascota como elemento motivador				
Escollese un proxecto de centro común.				
Utilízase unha metodoloxía construtiva na adquisición da lectura e escritura				
Advírtese un avance no proceso de lectura e escritura.				

- Definición das fontes de información a empregar para esta avaliación.

Para realizar a táboa para reflexionar / avaliar o proxecto lector tivéronse en conta as propostas do profesorado da escola e a algunhas das orientacións da asesoría de bibliotecas escolares.

11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.

As tecnoloxías da información e a comunicación teñen unha presenza importante no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado da nosa escola. Estes recursos son empregados con frecuencia durante as diferentes sesións.

Na actualidade, o centro conta cunha pizarra dixital en cada aula e outra na biblioteca.

No curso 17/18 solicitouse un PFPP para o centro cunha liña para tentar acadar unha maior integración didáctica das TIC na escola e traballar colaborativamente ao recibir formación e elaborar actividades no correspondente grupo de traballo. As sesións de formación xiraron principalmente darredor do uso e mantemento da páxina web, das posibilidades que ofrecían as tablets para desenvolver a competencia dixital co alumnado e do que a robótica permite traballar mediante o uso de escornabots. Dende entón, contamos con dous robots educativos que se empregarán con frecuencia co alumnado durante as sesións do Programa Plurilingüe e tamén en diferentes áreas e proxectos de aula, etc.

O curso 18/19 mercáronse novas dúas tablets con fondos do Programa Plurilingüe, que están a disposición das aulas.

No curso 20/21 realizouse no centro o PFPP “Profundizar en Diferentes Pedagogías”, e entre outras cousas, mercouse un robot, de maneira que actualmente cada aula dispón dun.

Os ordenadores e as pizarras dixitais serán tamén empregados en todas as aulas para que o alumnado sexa quen de aprender letras, palabras, nocións espaciais e temporais, conceptos lóxicos e matemáticos, contos, cancións, exercicios de respiración, praxias, exercicios de atención....usando as 3 linguas (castelán, galego e inglés), ao mesmo tempo que van adquirindo outra serie de aprendizaxes e habilidades como son o manexo do rato, coñecemento e manexo do teclado, uso dos CDs e da cámara dixital... Na escola trabállanse todos os contidos curriculares pero de forma variada: a información chégalle aos escolares a través de distintas canles, o que a fai máis eficaz, conleva unha maior motivación ante as aprendizaxes, máis activas, para que eles interactúen e se convertan en protagonistas da súa aprendizaxe ao seu ritmo e nivel.

Tamén dispomos dunha cámara dixital para cada aula, dende o curso 20-21, e a partir deste presente curso, contaremos cun caixón de luz para cada aula tamén.

O traballo do alumnado mediante o uso das TIC supón a adecuación da resposta educativa ás necesidades de cada alumno, a partir de actividades deseñadas para tal fin na programación de Educación Infantil.

Todas as aulas da escola contan tamén cun recanto específico de novas tecnoloxías que emprega a diario todo o alumnado.

Tendo en conta o sucedido o curso 19-20 co estado de alarma, e co fin de facilitar o ensino telemático, por se fose necesario usalo de novo, decidimos que no curso 20-21 o PFPP se centrara na Actualización de Ferramentas Tecnolóxicas para Docentes e no Aproveitamento Didáctico de Ferramentas Institucionais para o Ensino Mixto. Esta formación permitiranos

ademais empregar a aula virtual como un recurso máis, non só no caso de ter que levarse a cabo o ensino telemático.

En canto ao curso anterior, 21-22, realizamos un GT de 20 horas, dentro do PFPP, onde se elaborou o Plan Dixital de Centro, que comezaremos a poñer en práctica no presente curso académico. Os obxectivos a acadar son:

- Establecer un equipo de profesores para a realización e o deseño da estratexia dixital.
- Mellorar a infraestrutura e equipamentos informáticos.
- Crear recursos dixitais para reforzar o proceso de ensino - aprendizaxe.
- Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.

Hai que destacar que os equipos e infraestructuras cos que conta o centro están obsoletos, o que dificulta o desenvolvemento desexable no ámbito dixital

12.- PLURILINGÜISMO

Como xa se dixo con anterioridade, somos unha escola PLURINFANTIL, o cal implica que teremos máis sesións en lingua estranxeira e a maiores a materia de psicomotricidade será impartida en inglés pola mestra desta especialidade. Contaremos tamén cunha auxiliar de conversa.

13.- A AVALIACIÓN

**Grao de consecución do 1 ao 5: de menor a maior.*

	ÍTEMS	GRAO DE CONSECUCIÓN				
		1	2	3	4	5
EN CANTO Á IDEOLOXÍA E Á METODOLOXÍA DO CENTRO	● Levouse a cabo unha metodoloxía respectuosa co alumnado.					
	● A EEI As Dunas é unha escola inclusiva e compensadora de desigualdades sociais.					
	● É unha escola aberta á comunidade e ás familias en concreto.					
	● Leváronse a cabo actividades cos centros próximos.					
	● Potenciáronse as actividades no exterior.					
	● Potenciáronse os tres idiomas: galego, castelán e inglés.					
	● Leváronse a cabo actividades propostas pola persoa auxiliar de conversa.					
● Tráballouse por proxectos.						

	<ul style="list-style-type: none"> ● O proxecto elexido resultou motivador para alumnado e profesorado. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● O traballo na horta foi motivador para o alumnado e supuxo unha importante fonte de coñecemento. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● A biblioteca supuxo unha fonte inestimable de oportunidades para sementar no alumnado o amor pola lectura. 					
EN CANTO AO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> ● Solicitouse á Consellería o cambio da cuberta do edificio e as ventás. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Deuse aviso ao Concello das avarías e arranxos precisos. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● O Concello colaborou no mantemento da escola. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● O concello instalou a pasarela da entrada que prometeron ás familias. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Adquiríronse mobles e materiais. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Mellorouse a zona de catalogación da biblioteca. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● A páxina web segue sendo un importante medio de difusión das actividades na escola. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Publicáronse na web documentos oficiais da escola. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● A adaptación do protocolo para a escola foi a axeitada e as medidas que se tomaron foron correctas. 					
EN CANTO ÁS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● As familias foron correctamente informadas sobre as liñas xerais de funcionamento do centro e os obxectivos do curso. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Participaron as familias na vida xeral da escola. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Escoitáronse as propostas feitas por parte das faamilias. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● O clima e as relacións familia-escola son boas e agradables. 					
	<ul style="list-style-type: none"> ● Estableceuse un plan de comunicación coas familias e informóuselless 					

	correctamente.					
EN CANTO AO PROFESOR ADO	● O grao de colaboración e implicación do profesorado foi bo.					
	● Continuouse coa formación por medio dun PFPP.					
	● Formouse o equipo docente en ferramentas tecnolóxicas para o ensino mixto.					
	● Formouse o equipo docente no uso da aula virtual.					
	● As canles de comunicación coas familias foron as correctas e empregáronse en bo grao.					
	● Traballouse na actualización do PEC.					
	● O Departamento de Orientación colaborou no necesario.					
	● A aplicación da adaptación do protocolo de actuación coas medidas previstas para facer fronte á situación derivada da pandemia foi boa.					
EN CANTO AO ALUMNADO	● Acadouse unha educación de calidade.					
	● Ofrecéronse experiencias sensoriais e experimentais e desenvolvéronse as aprendizaxes dun xeito lúdico e motivador.					
	● O alumnado asistiu feliz á escola.					

14- CONCLUSIÓNS

A E.E.I AS DUNAS é unha escola pequena, polo que é mais doado o traballo en equipo. Adoitamos estar xuntas en cursos de formación. Dende hai anos a escola participa nun PFPP. As temáticas traballadas foron: as novas tecnoloxías aplicadas á educación, o plurilingüismo, metodoloxías activas, aula virtual e ferramentas tecnolóxicas e o curso anterior abordamos o aproveitamento didáctico da música e a arte. Nas últimas avaliacións realizadas sobre a marcha xeral da escola, concluímos que se están a producir cambios na metodoloxía aplicada. Trala realización do PFPP de metodoloxías activas decidimos aplicar certos aspectos das mesmas e adaptalos á realidade na que nos atopamos.

Tras definir as liñas metodolóxicas a seguir, comezamos a modificar os diferentes documentos

da escola.

Esta programación pretende contribuír decisivamente ao bo desenvolvemento dos nosos/as pequenos, en tódolos ámbitos. Non obstante, temos presente a necesidade de ser flexibles para adaptarnos ao ritmo e características dos nenos/as desta idade e facer tamén unha crítica construtiva do noso labor. Con este fin, ao remate deste curso, elaboraremos unha memoria, onde plasmaremos toda a información recollida con esta avaliación, co fin de perfeccionar o proceso de ensinanza aprendizaxe, a vida no centro e as relacións das persoas do centro. Dita memoria irá incluída na Memoria Final do centro.

ANEXO

PLAN DE IGUALDADE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO
3. DIAGNÓSTICO DE CENTRO: (Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero, coa LGBTIfobia)
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN DE IGUALDADE
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN
 - 5.1. SEGUNDO A ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 5.2. SEGUNDO A ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO
 - 5.3. SEGUNDO A XESTIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS
 - 5.4. CELEBRACIÓNS PARA AS EFEMÉRIDES.
 - Día contra a violencia de xénero- 25 de Novembro
 - Día Internacional da Muller-8 de Marzo
 - Actividades relacionadas con outras celebracións:
 - 30 de Xaneiro. Día da Paz e Non Violencia.
 - Día da letras galegas
 - 5.5. ORIENTACIÓNS PARA FAMILIAS
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Consideramos que a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos centros escolares é un reflexo do que ocorre na sociedade.

A coeducación será unha marca de identidade no Proxecto Educativo da nosa escola, farase difusión entre os membros da comunidade educativa dos obxectivos coeducativos para a súa información e sensibilización; realizaranse actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

Se somos capaces de transmitirle ao alumnado do noso centro educativo valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Educación en igualdade é fundamental para facer posible unha sociedade sen violencia, máis xusta e máis equitativa. A coeducación ten que promover o valor tanto do masculino como do feminino, pero sen xerarquías. Os centros educativos temos que ter en conta no desenvolvemento do noso Proxecto de centro a perspectiva de xénero. Esta premisa xurde, non só dunha reflexión obvia sobre o papel da educación no proceso de socialización das persoas, senón tamén de directrices legais, particularmente da lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece no artigo 23 a educación para igualdade de mulleres e homes; no artigo 24 a integración do principio de igualdade na política de educación.

No marco galego, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Éste establece no artigo 17 o currículo regulador do sistema educativo; no artigo 18: a erradicación de prexuízos nos centros docentes; no artigo 22, a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos; no artigo 23, actiudes (prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero); no artigo 24, a formación do persoal docente; no artigo 25, a divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA; no artigo 26, combater o acoso e favorecer a visibilidade.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes**, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, non só se seguen manifestando feitos e comportamentos que evidencian desigualdades persoais, sociais e profesionais entre homes e mulleres, senón que se observan alarmantes retrocesos. A forza dos modelos culturais de xénero dominantes fai que os avances se vivan con tensión e as actuacións encamiñadas ao cambio de modelo, con malestar ou, o que ás veces é peor, con condescendencia, indiferenza ou humor. Como comunidade educativa inmersa na sociedade actual e comprometida coa mesma, debemos introducir prácticas educativas que promovan cambios nas relacións de xénero, que permitan corraxir os estereotipos sexistas e as condutas discriminatorias, e axuden a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e a corresponsabilidade. Conscientes da importancia deste feito introducimos no proxecto educativo do noso centro a coeducación como un dos seus obxectivos fundamentais. De forma moi especial a educación debe ser un elemento fundamental na prevención da violencia de xénero, colaborando nas tarefas da sensibilización, prevención e detección da mesma e promovendo o coñecemento das súas causas, características e consecuencias. Hai que modificar os factores culturais que subxacen na orixe da devandita violencia e loitar contra a tolerancia social a calquera das súas manifestacións. Por todo o exposto é obvio que apostamos pola coeducación como única vía de aprender a relacionarse en igualdade, homes e mulleres, en todos os espazos da sociedade.

3. **DIAGNÓSTICO DE CENTRO: (Análise da situación do centro en relación coa**

igualdade de xénero, coa violencia de xénero, coa LGBTifobia)

A EEI As Dunas recolle solamente alumnado de educación infantil, do segundo ciclo, polo que a idade do alumnado comprende dos 3 aos 6 anos. Son idades temperás para detectar casos de violencia de xénero ou LGTBI fobia, se ben é un momento perfecto para incidir na educación e previr precisamente estas actitudes e comportamentos contrarios á coeducación. En ocasións advertimos estereotipos sexistas entre o alumnado relativo ás profesións, á preferencia de xogos e xoguetes, deportes, cores..., moitas veces ocasionados pola publicidade sexista presente nos medios.

Polo tanto, é o momento idóneo para educar en coeducación, en igualdade, en inclusión. Un recuso que empregaremos a miúdo será o conto. Na actualidade contamos con libros infantís de gran calidade para traballar sobre esta temática. Libros infantís que recollen a vida de grandes mulleres que marcaron a historia, así como historias fantasiosas que tratan a temática da igualdade de xénero, dos estereotipos sexistas e incluso de xeito moi sutil a realidade transexual en idades temperás.

mentres este ano centraremos os nosos obxectivos e actuacións nos seguintes aspectos

Alumnado:

- 1· Empoderamento das rapazas.
- 2· Coñecemento de grandes mulleres da historia.
- 3· Recoñecemento do papel da muller na vida actual como nai e como muller traballadora.
- 4· Coidado coa linguaxe oral.
- 5· Corresponsabilidade no fogar.
- 6· Educación emocional.
- 7· Mellora da convivencia.
- 8· Patio con espazos igualitarios.
- 9· Publicidade e debuxos infantís sexistas.

Traballo con familias

- Aumentar a participación das familias.
- Traballar a igualdade no ámbito familiar.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN DE IGUALDADE

- Traballar en coordinación co departamento de Orientación, a coordinadora de Convivencia e a coordinadora de IGUALDADE para seguir integrando a perspectiva de xénero no Plan de Acción Titorial (autonomía persoal, educación emocional, uso da linguaxe, desenvolvemento ético, competencia social e prevención e intervención ante a violencia e o acoso) e na mellora da convivencia do centro.
- Traballar en coordinación co Equipo directivo do centro e informar de todas as accións que se leven a cabo en relación con este Plan. Durante o curso, supervisaranse todas as accións en reunións periódicas.
- Solicitar á CONCELLERÍA de Igualdade do Concello de Nigrán, así como a calquera outra institución competente, a realización de obradoiros no centro relacionados coa temática de Coeducación e Violencia de Xénero.
- Realizar actividades sensibilizadoras relacionadas coas celebracións do proxecto: 25 de Novembro, 8 de Marzo e 28 de Maio.
- Colaborar co CPI Arquitecto Palacios, o noso centro adscrito, nas actividades que nos propoñan sobre esta temática.
- Seguir incentivado a práctica de deporte en Igualdade na escola dende as sesións de psicomotricidade. Promover o desenvolvemento de xogos e actividades deportivas mixtas.
- Realizar actividades extraescolares que potencien as relacións de igualdade entre o alumnado.
- Facilitar aos titores propostas e recursos para o desenvolvemento de unidades coeducativas.
- Dar a coñecer as aportacións das Mulleres ao desenvolvemento da humanidade incidindo, de forma especial, nas mulleres galegas, a través de actividades concretadas nas programacións de cada materia e de cada nivel.
- Traballar de forma coordinada con outros proxectos que se desenvolven no centro (Bibliotecas PLAMBE) .
- Traballar de forma coordinada coas Asociacións que colaboran co centro na organización de obradoiros e charlas. (ANPA; Asociación de veciños, CIM...)
- Informar a todos os membros da comunidade escolar sobre as convocatorias e actividades que se propoñan desde as institucións que traballan a Igualdade de Xénero e fomentar a participación nelas.
- Incrementar os recursos dispoñibles sobre a temática.
- Conseguir a maior implicación posible das familias na temática de Igualdade.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1.- SEGUNDO A ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

- Favorecerase a representación de homes e mulleres de xeito equitativo nos órganos de decisión e representación.
- Nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade no consello escolar para participar no impulso do plan de igualdade.
- Difundirase o plan entre os distintos axentes da comunidade escolar, con especial atención ás familias, mediante o consello escolar e outros medios.
- Empregarase unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborarase con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretaranse actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar: 25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGTBI etc.
- Empregarase contos infantís debidamente seleccionados para tratar a temática da inclusión e a coeducación.

5.2.- SEGUNDO A ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO:

- Revisaranse as programacións didácticas e a práctica docente dende unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero...
- Revisarase o material didáctico empregado na aula: representacións, personaxes, imaxes, linguaxe, propostas de actividades...
- Promoverase a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promoverase o respecto cara a diversidade sexual e de xénero.

5.3.- SEGUNDO A XESTIÓN DOS ESPAZOS E OS RECURSOS:

- Promoveranse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Reflexionarase sobre o xogo e os materiais presentes no patio para favorecer a inclusión.

5.4.- CELEBRACIÓNS PARA AS EFEMÉRIDES.

- **Día contra a violencia de xénero- 25 de Novembro**

Dende o CPI Arquitecto Palacios (o noso centro adscrito) vaise organizar “A I Marcha solidaria contra a violencia de xénero” (o día 25). Todo o alumnado do centro fará un percorrido por distintas rúas de Panxón para, finalmente, desenvolver dentro do centro máis actividades, como a lectura dun manifesto elaborado polo alumnado. Esta actividade está proxectada para todos os niveis e terá unha duración aproximada de dúas horas. A nosa intención é que a nosa escola poida unirse a devandita actividade.

OBXECTIVOS:

- Concienciar a toda a comunidade educativa, especialmente ao alumnado, da importancia de mostrar o noso rexeitamento ante a violencia de xénero.
 - Amosar solidariedade con todas aquelas mulleres que sofren violencia de xénero.
 - Facer extensible o noso rexeitamento e protesta a todo o pobo de Panxón, convidando a pais, nais e veciños/ veciñas a que nos acompañen na I marcha solidaria.
 - Educar ao noso alumnado nos valores fundamentais de igualdade, respecto e solidariedade.
 - Levar a cabo unha xornada sen incidentes, mostrando condutas apropiadas para a convivencia no centro e fóra del.
-
- **Día Internacional da Muller-8 de Marzo**

Faremos uso da colección de libros “Pequeña & GRANDE” para abordar a temática e que o alumnado coñeza a grandes mulleres da historia. Falaremos das nosas nais, avoas, e mulleres da familia para coñecer profesións e máis reflexionar sobre o valor das mulleres na sociedade e na familia en particular.

OBXECTIVOS:

- Visibilizar desde todas as áreas e en todos os niveis educativos A EXISTENCIA DE MULERES E A SÚA OBRA en distintos campos das Ciencias, as Letras, as Artes...
- INCULCAR no noso alumnado o interese por coñecer a mulleres “ocultas” na Historia e fomentar a valoración das mesmas na sociedade.
- **ACTIVIDADES RELACIONADAS CON OUTRAS CELEBRACIÓNS:**
 - **30 de Xaneiro. Día da Paz e Non Violencia.**

Actividade por determinar, en colaboración coa Biblioteca, departamento de Sociais e etapa de primaria, ademais das actividades permanentes que se organizan todos os anos:

- o Carreira solidaria
 - o Contacontos e elaboración de marcapáxinas
-
- **Día da letras galegas**

Actividades por determinar, en colaboración coa biblioteca e Normalización lingüística.

5.5.- ORIENTACIÓNS PARA FAMILIAS

Co fin de facer extensible a toda a comunidade educativa o Plan de Igualdade, prevíuse manter reunións cos representantes da Asociación de Pais e Nais, para informarlles dos

seguintes temas:

1. Informar das convocatorias ás que poidan ter acceso e axudarlles na tramitación das mesmas.
2. Solicitar a súa colaboración na realización de actividades.
3. Solicitar suxerencias.
4. Tentarase levar a cabo a escola de nais e pais onde se aborden todos estes temas, así como tamén criterios para a elección de xoguetes, reflexión sobre o sexismo na publicidade, como poden eles tamén favorecer actitudes coeducativas nas súas crianzas, previr o acoso escolar, etc.

6. - SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

INDICADORES DE MEDIDA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

1.- Grao de implicación da comunidade escolar

Instrumentos:

- Número de actividades propostas polos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Número de mestras e mestres participantes nas actividades de sensibilización.
- Número de entradas na páxina web con esta temática.

2.- Visibilización das mulleres

Instrumentos:

- Número de actividades que teñan como obxecto o recoñecemento da contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a cultura e o desenvolvemento da sociedade.

3.- Comprender a importancia da implicación de todos os membros da familia na organización dos traballos domésticos e de coidado.

Instrumentos:

- Número de actividades propostas e avaliación específica das mesmas.

4.- Romper con estereotipos de xénero.

Instrumentos:

- Número de actividades propostas e avaliación específica das mesmas.
- A realización ou non da escola da nais e pais.

5.- Incorporar a aprendizaxe de métodos non violentos para a resolución de conflitos.

Instrumentos:

- Grao de implicación do alumnado nas actividades propostas.

6.- Uso dunha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos

7.- Os xogos no patio, os xoguetes nas aulas, o uso por igual do recanto de xogo simbólico.

8.- Os deportes e a actividade física nas clases de psicomotricidade.

9.- Adecuación dos recursos empregados.

Asinado: Sonia Célix Fernández.



Directora do centro



Panxón, 19 de Outubro 2022